



## ACTIVIDADES VERÁN 2020

### INFORMACIÓN ACTIVIDADES VERÁN CAMARIÑAS

Antes de cubrir o formulario le atentamente a seguinte información

<b>Prazas Obradoiro</b>	65 por quenda	<b>Idades</b>	Nados entre o 2005 e 2016 (ambos incluídos)
<b>Prazas Actividades Náuticas</b>	20 Prazas por quenda	<b>Idades</b>	Nados entre o 2009 e 2003 (ambos incluídos)
<b>Quenda 1 Quenda 2</b>	6 – 20 xullo, <b>16 non hai clase</b> 21– 3 agosto	<b>Quenda 3 Quenda 4</b>	4 – 17 agosto 18 – 31 agosto
<b>Prazo</b>	25 ao 30 de xuño ás 14:00.	<b>Taxas</b>	Obradoiro: 20€ quenda. Renovación 10€. Bonificación para o 2º membro 50%. Resto de membros 100% bonificados igual que RISGA.  Act.Náutica:30€ quenda. Segundo membro 18€, 3ºmembro12€, 4º ou máis membros 6€. Máis licenza.

#### Preferencia:

1. Empadroados en Camariñas con necesidade de conciliación (ámbolos dous pais traballan).
2. Empadroados en Camariñas.
3. Non empadroados en Camariñas que estudan nun dos CEIP do concello.
4. Non empadroados en Camariñas con vivenda familiar no concello.
5. Non empadroados en Camariñas.

No caso de que as inscricións superen o límite de prazas, estas asignaranse atendendo estritamente á orde de preferencia establecido no punto anterior. Para o caso de que sexa preciso determinar a asignación de prazas nalgún dos grupos de preferencia, realizarase un sorteo para a ocupación das mesmas.

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 supón a necesidade de adaptar as actividades, extremando as precaucións e normas hixiénico-sanitarias establecidas polas autoridades competentes, prestando especial atención a:

- Distanciamento social: manter a distancia de 1,5 m. priorizando actividades que faciliten o distanciamento e uso das mascarilla senón fose posible.
- Recepción e recollida escalonada ou distribuída en distintas localizacións para evitar aglomeracións.
- Desinfección de mans á entrada, tras cambiar de actividade, antes e despois das merendas e despois de ir ao lavabo e **á saída da actividade.**
- Redución das ratio monitor-alumna/o prestando especial atención para que os distintos grupos non teñan interacción entre si.
- Dotar aos espazos onde se desenvolva a actividade das pertinentes medidas hixiénicas (**alfombras desinfectantes**, dispensadores de xel, papeleiras de pedal, dispensadores de papel, carteis informativos,...)
- **En cada actividade será obrigatorio cumprir co protocolo de seguridade para entrar, durante e á saída da mesma.**
- Para poder participar en actividades náuticas será obrigatorio que cada participante leve o seu chaleco salvavidas.



## ACTIVIDADES VERÁN 2020

- No obradoiro de conciliación será obrigatorio que os participantes aporten o seguinte material de uso propio:

**Nados nos anos 2014,2015,2016: viseira, crema solar, 1 tesoir, 1 paquete de folios, 1 caixa de ceras, pegamento de barra, lapis, goma de borrar, afiador, bebida e comida propia.**

**Nados nos anos 2013 e 2012: viseira, crema solar, 1 tesoir, 1 paquete de folios, 1 caixa de ceras, pegamento de barra, lapis, goma de borrar, afiador, bebida e comida propia.**

**Nados nos anos 2011 e 2010: viseira, crema solar, 1 tesoir, 1 paquete de folios, 1 caixa de ceras, pegamento de barra, lapis, goma de borrar, afiador, bebida e comida propia.**

**Nados nos anos 2009, 2008,2007, 2006 e 2005: viseira, crema solar, gafas de sol, xel hidroalcolico, bebida e comida propia.**

Coa finalidade de adaptar a actividades de verán á nova normalidade vémonos na obriga de modificar a súa dinámica tradicional polo que se evitarán actividades e xogos que impliquen contacto físico, viaxes e excursións que impliquen desprazamentos en autobús,...

As actividades desenvolveranse **integramente na parroquia de Camariñas**, nas diferentes instalacións que temos á nosa disposición, aulas do **CEIP O AREAL**, **Pavillón Polideportivo Municipal "Víctor Vigo"**, **Club Náutico de Camariñas (actividades náuticas)**...

### Como inscribirse?

Para formalizar a inscrición nas actividades deberedes presentar por sede electrónica (require posuír sinatura dixital) ou presencialmente.

1. O formulario de inscrición correctamente cuberto e asinado pola nai, pai ou titor legal da mesma unidade familiar.
2. **Non se dará por válida a inscrición da mesma persoa na mesma quenda nas dúas actividades.**
3. Asinar a admisión de risco e exención de responsabilidade en relación co COVID-19.

No caso da presentación presencial e coa finalidade de evitar aglomeracións e esperas será imprescindible achegarse **xoves 25 e venres 26 de 9'30-13'30 Concello, luns 29 e martes 30 de 9'30-13'30h no andar baixo da Casa de Pedra** co impreso de inscrición totalmente cuberto e asinado, xunto co resto da documentación requirida.